


XOGO - TEST UXÍO NOVONEYRA

REGRAS DO XOGO:

Por parellas buscade as respostas ás preguntas nos enlaces indicados. A maioría das respostas conteñen un número que corresponde a unha letra que debe encaixar nun texto final que compoñen os tres últimos versos dun poema do escritor e o nome dunha figura retórica empregada por el mesmo nalgún dos seus poemas.



1ª PARTE

- 1- **Uxío Novoneyra nace no ano 1930**, o mesmo ano que morre un poeta vangardista galego, cal era o seu nome?

<http://asvangardas.blogspot.com/>

2

- 2- A aldea onde naceu, **Parada de Moreda**, está situada nas terras luguesas d'O Courel, busca no **Google Maps** unha aldea desa zona que remate en -IN.

16

- 3- Estudou de 1945 a 1951 o bacharelato na cidade de Lugo, cuxa muralla romana foi declarada **Patrimonio da Humanidade** no ano 2000. Canto mide de circunferencia a muralla?

<http://www.lugoturismo.com/quevisitar/cultural/>

15

- 4- En Lugo coñece o poeta **Manuel María**, poeta da Terra Chá, e a unha poeta que foi homenaxeada nas Letras Galegas do ano 2007, como se chamaba? Onde naceu?

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=7>

a) 1

b)

5- Na páxina anterior aparecen varias mulleres destacadas da historia galega, **Mercedes Núñez** é unha delas, represaliada da **Guerra Civil** estivo nun cárcere de Madrid que deu lugar a unha publicación, como se titula o libro?

11

6- De 1949 a 1951 instálase en Madrid e matricúlase na carreira de Filosofía e Letras, volta logo a Galicia onde toma contacto co galeguismo. Coñece o pintor **Carlos Maside**, autor dun gravado dun escritor membro da Xeración Nós, de quen se trata?

<http://carlosmaside.galeon.com/masideindice.html>

9

7- Pasa tempo na cidade de Santiago, lugar de historia e monumentos. Na páxina web anterior procura un enlace ao **Museo do Pobo Galego** e procura o estilo da igrexa de **San Domingos de Bonaval**.

<http://www.museodopobo.es/>

4

8- No ano 1955 publica **Os eidos** en **Galaxia**, unha editorial importante na historia da nosa lingua, quen foi o autor do primeiro libro que publicou dita editorial?

<http://www.editorialgalaxia.es/>

17

9- Regresa a Madrid en 1962 onde vive ata 1966. En Madrid, nesa época, frecuenta un bar onde se celebran tertulias literarias, como se chama ese bar? Con que grupo literario galego se reúne para participar das tertulias?

<http://www.realacademiagallega.org/letters/ViewHonoredFigureWork.do>

a) 12

b)

10- Un dos membros deste grupo e amigo de Uxío é **presidente da Real Academia Galega**, como se chama? Na sección de información da RAG averigua cantas mulleres hai actualmente na RAG.

<http://www.realacademiagallega.org/GoToMainPage.do>

- a) 5
b)

- 11- No Outono fotográfico de Ourense expuxéronse fotografías dun amigo de Uxío Novoneyra, **Federico García Cabezón**, búscalo no catálogo de autores e anota que profesión exercía n'O Courel.

<http://www.outonofotografico.com/>

18

- 12- Nesta páxina do Museo de Arte Contemporánea de Barcelona (MACBA) aparece un pintor que se relacionou co noso autor e que tamén fixo banda deseñada, como se chamaba o pintor?

http://www.macba.cat/controller.php?p_action=show_page&pagina_id=29&inst_id=22131

10

- 13- En 1974 publica **Os eidos 2**, que contén debuxos de **Laxeiro**. En que rúa de Vigo se atopa a Fundación Laxeiro? Con que rúa empata pola dereita?

<http://www.laxeiro.es/>

- a) 19
b)

- 14- En 1979 publica **Poemas caligráficos**, unha creación gráfico-visual con citas de **Reimundo Patiño** e **Luís Seoane**. Na páxina web do escritor, na sección de poemas podedes ver un e tamén un poema musicado que critica unha guerra protagonizada por USA contra un país asiático, cal?

<http://www.uxionovoneyra.com/>

8

- 15- Nesa época houbo unha reacción contra a guerra en USA e dela naceu un movemento contracultural, como se chamou? En que cidade se iniciou?

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Hippie>

a) 3

b)

16- En Europa naceu o **maio do 68**, en que cidade? Apunta un slogan que se refira á prohibición.

http://gl.wikipedia.org/wiki/Maio_do_68

a) 7

b)

17- Na páxina anterior aparece un enlace a un personaxe histórico da revolución cubana que foi venerado por este movemento e ao que Uxío Novoneyra lle dedicou un poema, como se chamaba?

14

18- En 1983 instálase definitivamente en Compostela, desde onde exerce a **presidencia da AELG** dende a súa elección en 1982 ata a súa morte en 1999. Averigua a que corresponden esas siglas.

Asociación de

VERSOS

4 7 12 3 5 7 18 1 1 5 14 1

8 2 9 2 11 7 2 9 4 7 12 3 5 7 18 1 7 4 10 4

15 5 2 2 5 7 4 10 4

FIGURA RETÓRICA

12 4 11 4 7 3 16 17 4 19 3 7 16 4

2ª PARTE

Se chegastes ata aquí é que resolviches as cuestións anteriores con éxito, agora só vos queda o tramo final:

- 1- En que consiste esa figura retórica? Apunta a páxina consultada.
- 2- Escibide un poema ou uns versos que a ilustren. Apuntade a páxina consultada.
- 3- Completade o poema. Describide como o descubristes.